

INDICE

	Páx.
RESUME _____	2
ABSTRACT _____	3
ASPECTOS DO COMERCIO CONTEMPORANEO ENTRE ESPAÑA E PORTUGAL _____	4
1. O COMERCIO EXTERIOR ESPAÑOL E PORTUGUES NO CONTEXTO EUROPEO.	
TENDENCIAS XERAIS _____	6
1.1. As Exportacións: principais destinos e composición interna _____	9
1.2. As Importacións: Procedencia e composición interna _____	13
2. A EVOLUCION DO COMERCIO HISPANO-PORTUGUES _____	17
2.1. O crecemento do comercio bilateral e o crecemento do comercio exterior global de cada un dos dous países _____	22
3. O TRANSITO A TRAVES DE PORTUGAL _____	27
3.1. Envíos desde España para os que o destino final non é Portugal _____	27
3.2. Entradas en España por Portugal orixinarias de terceiros países _____	32
3.3. Valoración do tránsito _____	36
4. O SALDO DO COMERCIO HISPANO-PORTUGUES _____	37
5. CONCLUSIONS _____	39
BIBLIOGRAFIA CITADA _____	41

RESUME:

Este traballo analiza a evolución do comercio hispano-portugués entre 1850 e 1920 dentro dun contexto de expansión e internacionalización da economía mundial. O traballo divídese en 4 partes. A primeira parte pón de manifesto que España e Portugal seguiron a pauta de crecemento do comercio exterior europeo aínda que as taxas de crecemento acadadas e os puntos de inflexión difiren algo tanto respecto ó conxunto de Europa como entre si.

A segunda parte mostra que, no período indicado, o comercio bilateral medrou significativamente tanto en termos absolutos como, o que resulta máis importante, en termos relativos; é dicir, o comercio hispano-portugués medrou máis que o comercio exterior total español ou portugués. Merece destacarse que o crecemento do comercio bilateral é maior a partir de 1894, data na que entra en vigor o Tratado de comercio entre os dous países asinado en 1893; este Tratado constitúe un elemento central para explicar a expansión do comercio entre os dous países ibéricos nos vinte anos seguintes.

A terceira parte analiza os fluxos de tránsito por Portugal con orixe ou destino en España. Os anos de maiores saídas desde España son os que median entre 1871 e 1884/85 e os metais e minerais os produtos máis destacados; as entradas presentan maior diversificación na súa estrutura e acadan os maiores valores entre 1886 e 1896.

A cuarta e última parte aproxima ó lector ó saldo do comercio bilateral. A lectura do saldo permite chegar a dúas conclusións fundamentais: en primeiro lugar, as relacións bilaterais resultan bastante equilibradas ó longo do período; en segundo lugar, o Tratado de 1893 marca un punto de inflexión, mentres que ata 1893 o saldo é favorable a España, a partir desa data pasa a ser favorable a Portugal.

ABSTRACT:

This working paper intends to be an analytical approach to Spanish Portuguese trade between 1850 and 1920 within the framework of the world's global economical expansion and internationalization. It has been divided in four different parts. The first one proves the fact that Spain and Portugal followed the European pattern of growth in foreign trade, although the growth rates they reached and the inflexion points differ in some way from the whole European, and from themselves as independents.

The second part shows that in the course of the years that have been studied, bilateral trade experienced a significant expansion in absolute and also in relative terms, what is even more important and interesting; it is, Spanish Portuguese trade growth was sensibly bigger than the whole individual trade of both countries. It is remarkable that the bilateral trade growth was bigger since 1894, when came into force the trade agreement both countries had signed in 1893. This agreement is a central fact to explain trade expansion between both Iberic countries in the twenty following years.

The third part deals with transit trade flows through Portugal with departure or arrival in Spain. The years of more departures from Spain are between 1871 and 1884/85. The most common traded items in these years were metal and mineral. Arrivals are more diversified and get the highest figures between 1886 and 1896.

The fourth and final part makes an approach to the bilateral trade balance. A close reading of this subject lets us arrive at two basic conclusions: firstly, bilateral relationships are quite balanced during this period; secondly, the trade agreement signed in 1893 determines an important change, before 1893 the balance was propitious to Spain, from that year and afterwards, it became favourable to Portugal.

SESIONS CIENTIFICAS DO IDEGA

ASPECTOS DO COMERCIO CONTEMPORANEO ENTRE ESPAÑA E PORTUGAL

María do Carme Espido Bello
Dep. Historia Económica
Universidade de Santiago

Hai xa varios anos W. Woodruff referíase ós dous séculos anteriores á Primeira Guerra Mundial indicando que a aparición dunha economía internacional constituía un dos logros máis destacados dese período¹. O proceso de expansión e internacionalización da economía mundial acentúase ó longo do século XIX e primeiros anos do século XX ata que a Primeira Guerra Mundial vén interrompelo. Dentro do ámbito das relacións económicas internacionais, na etapa contemporánea anterior a 1914, o comercio exterior é un elemento básico para comprender tanto a evolución do conxunto da economía mundial como a de cada país concreto. Entre 1815 e 1914 o comercio exterior non só medrou moi rápido senón que superou de lonxe as taxas de crecemento da produción representando porcentaxes cada vez maiores sobre o Produto Nacional Bruto².

A expansión indicada atraeu, como era de esperar, o interés dos historiadores económicos por aproximarse á análise dese proceso, de xeito que, neste momento, sería case imposible elaborar un listado completo de publicacións relevantes sobre este tema³. O comercio exterior de España e Portugal non quedou tampouco á marxe dese proceso expansivo nin o tema foi esquecido pola historiografía⁴.

¹ WOODRUFF, W. "La aparición de una economía internacional, 1700-1914" en CIPOLLA, C. (Ed.) *Historia económica de Europa. El nacimiento de las sociedades industriales*. Vol. 4, segunda parte, Barcelona, 1982, capítulo 5.

² BAIROCH, P. "European Trade Policy, 1815-1914" en MATHIAS, P. e POLLARD, S. (eds.) *The Cambridge Economic History of Europe. Vol. 8. The industrial economies: the development of economic and social policies*. Cambridge, 1989, páx. 1-160.

³ Por citar apenas algúns exemplos significativos poden indicarse algúns libros convertidos xa en clásicos como BAIROCH, P. *Commerce extérieur et développement économique de l'Europe au XIX^e siècle*. París, 1976; FOREMAN-PECK, J. *Historia de la economía mundial. Las relaciones económicas internacionales desde 1850*. Barcelona, 1985; LEWIS, W.A. *Crecimiento y fluctuaciones, 1870-1913*. México, 1983; MADDISON, A. *Historia del desarrollo capitalista. Sus fuerzas dinámicas. Una visión comparada a largo plazo*. Barcelona, 1991.

⁴ Traballos de prestixio recoñecido foron publicados tanto nun como noutro país, citemos como exemplos destacados por parte española GARCIA SANZ, A. "El comercio exterior de exportación en

Sen embargo, as relacións comerciais entre España e Portugal figuraban entre eses capítulos ata agora esquecidos; tal vez porque se pensaba que era un asunto pouco importante, tal vez porque parecía de difícil abordaxe debido a problemas de fontes, contrabando etc.. Sexan cales foran as razóns dese esquecemento, a falta de traballos sobre o tema foi o motivo principal que nos moveu a interesarnos por el e, neste sentido, o obxectivo das páxinas seguintes é ofrecer unha primeira aproximación ás tendencias e principais etapas do comercio hispano-portugués entre 1850 e 1920.

O traballo estrutúrase en catro apartados. En primeiro lugar sitúase o comercio exterior tanto español como portugués nun contexto europeo máis amplo analizando en que medida a Península Ibérica segue ou non as pautas marcadas por Europa. A continuación trátanse os fluxos bilaterais a través dos datos estatísticos aportados polas fontes de cada un dos dous países, delimitanse as principais etapas e compárase o crecemento do comercio bilateral co crecemento do comercio internacional global de cada un dos dous países. Seguidamente faise unha aproximación ó comercio exterior español con terceiros países utilizando Portugal como lugar de paso, inclúense aquí as operacións de tránsito, transbordo e reexportación. Por último preséntase o saldo do comercio bilateral ó longo do período indicado e extráense algunhas das conclusións máis significativas.

la economía española" en *Anales del Cunef*, 1980-81, páx. 111-149. NADAL FARRERAS, J. *Comercio exterior y subdesarrollo. España y Gran Bretaña de 1772 a 1914: política económica y relaciones comerciales*. Madrid, 1978; NUÑEZ, C.E. *El comercio exterior y los problemas de desarrollo económico en Andalucía 1850-1880*. Granada, 1985; PRADOS DE LA ESCOSURA, L. *Comercio exterior y crecimiento económico en España, 1826-1913: Tendencias a largo plazo*. Madrid, 1982; TENA, A. "Una reconstrucción del comercio exterior español, 1914-1935: la rectificación de las estadísticas oficiales" en *Revista de Historia Económica*, Ano III, nº 1, 1985, páx. 77-119; TORTELLA CASARES, G., MARTIN-ACEÑA, P. ; SANZ, J.; ZAPATA, S. "Las balanzas del comercio exterior español: un experimento histórico-estadístico, 1875-1913" en GARCIA DELGADO, J.L. e SEGURA, J. (eds.) *Ciencia social y análisis económico. Estudios en homenaje al profesor Valentín Andrés Álvarez*. Madrid, 1978, páx. 487-513. Por parte portuguesa poden indicarse BONIFACIO, F. *Seis estudos sobre o liberalismo português*. Lisboa, 1991; LAINS, P. "Foreign Trade and Economic Growth in the European Periphery: Portugal, 1851-1913". Tese de doutoramento presentada no European University Institute, marzo, 1992. Esta tese foi publicada en Portugal, con escasas variacións, co título *A Economía Portuguesa no século XIX. Crescimento Económico e Comércio Externo, 1851-1913*. Lisboa, 1995; MIRANDA, S. de. *Portugal o círculo vicioso da dependência*. Lisboa, 1991; PEREIRA, M. Halpern. *Livre-Câmbio e Desenvolvimento Económico. Portugal na segunda metade do século XIX*. Lisboa, 1983.; SIDERI, S. *Comércio e Poder. Colonialismo informal nas relações anglo-portuguesas*. Lisboa, 1970. Aínda que sobre aspectos máis puntuais deben mencionarse tamén JUSTINO, D. "Fontismo: o imposible libre-câmbio" en *Revista de Historia Económica e Social*, nº 23, 1988; LAINS, P. "O proteccionismo em Portugal (1842-1913): um caso mal sucedido de industrialização concorrencial" en *Análise Social*, XIII, nº 97, 1987; REIS, J. *O atraso económico português, 1850-1930*, Lisboa, 1993.

1. O COMERCIO EXTERIOR ESPAÑOL E PORTUGUES NO CONTEXTO EUROPEO. TENDENCIAS XERAIS.

A rápida expansión dos intercambios internacionais ó longo do século XIX e primeiros anos do XX, xa mencionada anteriormente, non foi un proceso uniforme nin no tempo nin no espacio⁵. En termos espaciais o crecemento do comercio mundial leva a un aumento na concentración do mesmo nos países máis desenvolvidos de occidente, nas primeiras etapas no occidente europeo e cara a fins de século incorpóranse, con peso cada vez maior, outros países desenvolvidos non europeos, (nomeadamente Estados Unidos, pero tamén Canada, Australia, etc.). Foreman-Peck constata que a mediados do século XIX "la mayor parte de esta expansión del comercio era del comercio entre países europeos, que en 1850 absorbía dos tercios de las exportaciones europeas"⁶ e Paul Bairoch indica que en 1913, xusto antes de comeza-la Primeira Guerra Mundial, o nivel de intercambios intraeuropeos é aínda superior, de xeito que se países como España ou Francia destinan a Europa arredor do 70% das súas exportacións, outros como Dinamarca, Finlandia ou Suecia destinan entre o 85% e o 100%, mentres que unicamente Gran Bretaña, de entre os principais países europeos, envía ó vello continente menos do 50% das súas exportacións⁷.

Mentres tanto asístese a unha diminución da participación no comercio mundial dos países do terceiro mundo. Trátase dunha diminución en termos relativos xa que en valores absolutos a expansión comercial deste grupo de países é moi importante. O volume de exportacións deste grupo multiplícase entre 1830 e 1928 aproximadamente por 30, expansión que Bairoch calificou de extremadamente rápida pero que non foi suficiente para impedir a caída na súa participación dentro do conxunto do comercio mundial. Así se "vers 1830 le Tiers-Monde fournit 27-28% du commerce mondial, vers 1900 cette proportion est descendue a 19-20%"⁸.

Non faltan autores, como é o caso de W. Woodruff, que consideran que probablemente a participación europea no comercio mundial no período anterior á Primeira Guerra Mundial está sobrevalorada nas estatísticas e estimacións internacionais xa que, segundo o devandito autor, a maior parte dos cálculos "no nos muestran todo el comercio internacional sino sólo el eurocéntrico; reflejan las relaciones comerciales que se movían en la órbita europea. Más aún inducen a error desde el mismo momento en que nos presentan el comercio entre unidades

⁵ Véxanse BAIROCH, P. *Commerce extérieur...*; FOREMAN-PECK, J. *Op. Cit.*

⁶ FOREMAN-PECK, J. *op cit.*, páx. 43.

⁷ BAIROCH, P. "Geographical structure and Trade Balance of European Foreign Trade from 1800 to 1970" *The Journal of European Economic History*, vol. 3, nº 3, Winter 1974, páx. 557-608.

⁸ BAIROCH, P. *Structure par produits des exportations du Tiers-Monde (1830-1937)*. Genève, 1985, páx. 21.

políticas, entre naciones. En los siglos XIX y XX el desarrollo del comercio internacional descansaba en la creciente interrelación económica entre regiones económicas y no en los deseos de los Estados mercantilistas⁹. Pero, sobrevalorado ou non, tódolos autores están de acordo en que o mundo occidental asumiu o liderazgo do comercio mundial neste período da historia.

Xa dentro do entorno europeo, no plano temporal, Paul Bairoch diferencia catro etapas na expansión das exportacións entre 1830 e 1913. Unha primeira etapa, que iría de 1830 a 1846/47, caracterizada por unha progresión moderada das exportacións con taxas de crecemento arredor do 3% anual; un segundo período, entre 1846/47 e 1865/68, de forte expansión no que se acadan taxas anuais de crecemento superiores ó 5%; unha terceira etapa, entre 1865/68 e 1896/97, de moi baixo crecemento con taxas inferiores ó 2% anual e, finalmente, outro período entre 1897/98 e 1913 de rápida expansión¹⁰.

¿Seguen os dous países ibéricos a tendencia europea de crecemento do comercio internacional?. Como cabía esperar, e segundo nos mostran diversos traballos, ningún dos dous países da Península Ibérica quedou á marxe dese proceso expansivo. Sen embargo, as taxas de crecemento e a periodificación, cos seus correspondentes puntos de inflexión difiren algo tanto respecto ó conxunto de Europa como entre si.

Para o caso español, Gabriel Tortella indica que o comercio exterior se desenvolveu de maneira notable desde 1850 ata 1914. Segundo este autor "el crecimiento medio anual resultó ser de 3,1%, cifra superior a la de Inglaterra, Francia, Portugal o Italia durante esa misma época"¹¹. Semellantes conclusións obtén Leandro Prados, quen delimita catro grandes etapas na evolución do comercio exterior español entre 1826 e 1913. Unha primeira entre 1826-1849 de forte auxe do comercio exterior con taxas de crecemento real das exportacións semellantes ás que obtén Bairoch para Europa no mesmo período (3,5-4%). Entre 1859-1869 as exportacións seguen a pauta europea en valores correntes, pero en termos reais sofren unha desaceleración se se compara coa etapa anterior. As importacións en cambio experimentan neste período as maiores taxas de crecemento de todo o século XIX (5,5%), expansión da que os principais responsables son o material ferroviario e a importación de bens de equipo para o sector industrial. Entre 1869-1891 o nivel de crecemento do comercio exterior español supera de novo ó europeo destacando neste período o auxe exportador, auxe explicado de xeito

⁹ WOODRUFF, W. Op. Cit., páx. 304-305.

¹⁰ BAIROCH, P. *Commerce extérieur...*

¹¹ TORTELLA CASARES, G. "La economía española, 1830-1900" en TUÑÓN DE LARA, M (Dir.) *Historia de España*. Vol. VIII. *Revolución burguesa oligarquía y constitucionalismo (1834-1922)*. Barcelona, 1981, páx. 9-167; a cita corresponde á páxina 91.

destacado pola exportación de metais e minerais e de viño. Finalmente entre 1891 e 1913 de novo o comportamento español difire do europeo. As taxas de crecemento das exportacións (0,78%) e das importacións (0,44%) caen sensiblemente tanto en comparación co período anterior en España, no que se acadaran taxas superiores ó 5% e 4% respectivamente, como en comparación co resto de Europa¹². Por outra parte Prados observa que xa desde a década de 1870 se percibe un elevado grao de integración da economía española coa do resto dos países industrializados.

Referíndonos agora a Portugal, Pedro Lains pón de manifesto que "Between mid-century and the outbreak of the War, the revised values for exports and imports increased roughly four-fold, that is at trend growth rates of approximately 2,5% per year"¹³. Este autor diferencia seis períodos entre 1842 e 1913: 1842-1856, 1856-1866, 1866-1875, 1875-1886, 1886-1898, 1898-1913. As maiores taxas de crecemento das exportacións portuguesas en termos reais sitúanse no período 1866-1886 e as máis baixas entre 1898 e 1910. Para o conxunto do período 1855-1913 as exportacións portuguesas medran a ritmo semellante á media observable para o conxunto de Europa.

Pedro Lains compara as taxas de crecemento do comercio exterior portugués e as que se dan por unha parte nos países escandinavos (Dinamarca, Finlandia, Noruega e Suecia) e, por outra, nos mediterráneos (España, Francia e Italia). Segundo explica o autor, o interés desa comparación reside, para o primeiro grupo, en que se trata de países con tamaño semellante ó de Portugal e que, sen embargo, acadaron máis éxito no comercio internacional e, para o segundo grupo, por tratarse de países que compiten con Portugal nos mercados internacionais, especialmente nos produtos mediterráneos. Desá comparación resúltanlle con taxas de crecemento das exportacións superiores ás portuguesas Dinamarca, Finlandia, Suecia e España, mentres que as taxas de Francia ou Italia son inferiores ás portuguesas; Noruega sitúase nun nivel semellante ó de Portugal. Hai dous ciclos nos que, aínda con diferentes taxas, a tendencia e os puntos de inflexión son comúns a tódolos países utilizados na mostra, 1865-1875 e 1895-1913. Sen embargo, resultan específicos de Portugal as elevadas taxas dos anos 1856-1865 ou o punto de inflexión observable en 1886, cambio de tendencia que se explica, en boa medida, pola caída das exportacións de viño a Francia e de gado a Gran Bretaña.

Tendo en conta as tendencias e os puntos de inflexión para este conxunto de países, Lains conclúe que ata a última década do século pasado non se pode falar dun elevado nivel de

¹² PRADOS DE LA ESCOSURA, L. *Op. Cit.* Véxanse especialmente en relación con estes aspectos as páxinas 21 a 30.

¹³ LAINS, P. "Foreign Trade...", páx. 100.

integración, e, para o caso concreto de Portugal, a inserción nos mercados mundiais parécelle relativamente débil. Non se pode dicir que os países do centro supuxeran un estímulo directo para a economía portuguesa a través das exportacións¹⁴.

Unha vez trazadas de xeito resumido as tendencias xerais do comercio exterior español e portugués dentro dun contexto europeo máis amplo, nas que se constataba, por unha parte, que os dous países ibéricos seguen en liñas xerais a tendencia de crecemento do comercio europeo e, por outra parte, que para España resultaban taxas de crecemento do comercio algo superiores ás de Portugal¹⁵, pasamos a analizar cales son os principais centros ós que se orientan nas súas relacións exteriores España e Portugal, así como, de xeito breve, cales son os principais grupos de produtos implicados no comercio exterior de cada un deles.

1.1. As Exportacións: principais destinos e composición interna.

No caso español os principais destinos das exportacións son Gran Bretaña, Francia, Cuba, Estados Unidos, Alemaña, Portugal e Italia¹⁶. Estes sete países reciben ó longo da segunda metade do XIX e primeiras décadas do século XX porcentaxes das exportacións españolas que oscilan entre un máximo de 86,8% na década de 1880 e un mínimo do 66,5% nos 3 anos que seguen ó fin da Primeira Guerra Mundial¹⁷. A partir da última década do século XIX asístese a un proceso de diversificación das exportacións tanto en termos xeográficos como na composición interna.

Por países, os datos de exportacións poñen de manifesto o destacado peso relativo de Gran Bretaña, Francia e Cuba se ben a posición relativa de cada un deles varía co tempo en función de circunstancias diversas¹⁸. A maior taxa de participación británica acádase na década de 1870 cando este país absorbe un 37,8% das exportacións españolas totais. Na década de 1880 Francia pasa a ocupar a primeira posición como cliente español chegando a recibir o 40,9%

¹⁴ Para información máis detallada sobre todos estes aspectos e comparacións remitimos a LAINS, P. "Foreign Trade...", especialmente o capítulo 3 dese traballo. Nós aquí trazamos unicamente un brevísimo resume das liñas xerais.

¹⁵ Idea na que coinciden tanto P. Bairoch como Leandro Prados ou Pedro Lains.

¹⁶ Para unha mostra de países máis ampla véxase PRADOS DE LA ESCOSURA, L. *Comercio exterior...*, páx. 48. Este autor ofrece medias por quinquenios para o período entre 1826 e 1913 para un conxunto de 14 países.

¹⁷ Para porcentaxes máis concretas por períodos véxase ESPIDO BELLO, M.C. "As relacións económicas hispano-portuguesas, 1850-1920". Vol.1. páx. 52, Tese de doutoramento inédita, Santiago, 1995.

¹⁸ PRADOS DE LA ESCOSURA, L. *Comercio exterior...*, páx. 45.

das exportacións totais españolas. No caso inglés esa alta participación explícase polo aumento nas exportacións de viño, metais e minerais, nun período de apoxeo extractivo do subsolo español e, especialmente de explotación masiva das minas de Almadén onde están directamente implicadas firmas inglesas¹⁹. A elevada participación francesa na década de 1880 está directamente relacionada coas exportacións de viño común, exportacións que se ven dobremente favorecidas nesa década por un lado pola propia situación do mercado e por outro pola política comercial²⁰. Finalmente, Cuba, que a mediados do XIX fora un destacado destinatario das exportacións españolas, perde peso rapidamente ó longo da segunda metade do século nunha tendencia que só se interrompe temporalmente nos anos anteriores á independencia, por mor probablemente do "abastecimiento de las tropas expedicionarias que intentaban sofocar la rebelión"²¹.

Dos restantes países analizados, só esporádicamente absorbe algún deles máis do 5% das exportacións españolas, sendo Portugal e Estados Unidos os que, en media, máis se aproximan a esa porcentaxe e tamén os que presentan unha tendencia máis regular na súa posición relativa²². A maior participación relativa de Portugal nas exportacións españolas acádase entre 1869/70 e 1910/11, período no que os dous países asinan algúns convenios e tratados de comercio que favorecen a intensificación das relacións bilaterais. Alemaña ou Italia, partindo de taxas moi baixas, van aumentando progresivamente a súa presenza como clientes españois. A composición interna das exportacións españolas resúmea brevemente

¹⁹ Sobre o proceso de desamortización do subsolo español e os capitais extranxeiros implicados no sector extractivo pode verse BRODER, A. "Les investissements étrangers en Espagne au XIX^e siècle: méthodologie et quantification" en *Revue d'Histoire Economique et Sociale*, nº 54, 1976, páx. 29-63; HARVEY, CH. and TAYLOR, P. "Mineral wealth and economic development: foreign direct investment in Spain, 1851-1913" en *The Economic History Review*, nº 2, 1987, páx. 185-207. NADAL, J. *El fracaso de la revolución industrial en España, 1814-1913*. Barcelona, 1987.; do mesmo autor "Industrialización y desindustrialización del sureste español, 1817-1913" en *Moneda y Crédito*, nº 120, 1972, páx. 3-80. Poderían citarse aquí numerosos traballos, de maneira especial sobre subsectores ou zonas concretas, pero optamos por seleccionar unicamente unhas referencias xerais.

²⁰ Os viñedos franceses son arrasados pola filoxera e así un país que tradicionalmente exportaba viño pasa a importalo. España figura entre os principais abastecedores, un papel que se ve reforzado gracias ó convenio de 8/12/1877 e ó Tratado de comercio e navegación asinado entre España e a República Francesa o 6/2/1882, tratado este que terá validez ata 1892 e en virtude do cal os dereitos aduaneiros do viño español con menos de 15,9 graos se reducen de 3,5 a 2 francos por hectolitro. Sobre este tema véxase PAN MONTOJO, J. *La bodega del mundo. La vid y el olivo en España (1800-1936)*, Madrid, 1995, especialmente o capítulo 3 e SERRANO SANZ, J.M. *El viraje proteccionista en la Restauración. La política comercial española, 1875-1895*. Madrid, 1987.

²¹ PRADOS DE LA ESCOSURA, L., *Comercio exterior...*, . páx. 46.

²² As exportacións a estes dous países aumentaron considerablemente ó longo do período. Sen embargo, dentro do contexto xeral de aumento das exportacións españolas, o seu peso relativo dentro do conxunto alterouse máis suavemente.

Joaquín Nadal, nas seguintes palabras: "en la segunda mitad del siglo XIX hubo una clara polarización de las exportaciones españolas en dos tipos de productos: los frutos de la agricultura por una parte y los del subsuelo por otra"²³. Agora ben, dentro desas liñas xerais danse variacións ó longo do século; así entre 1850 e os anos setenta predominan as exportacións de produtos agrícolas, afianzándose de maneira especial o viño, tanto Xerez como común, e o aceite, produtos que, xunto co chumbo e as pasas, son os principais artífices do crecemento exportador. Entre os setenta e os noventa destacan o viño común, o mercurio, chumbo, fosfatos, mineral de cobre, mineral de ferro etc.²⁴. Desde a última década do século pasado ata a Primeira Guerra Mundial as exportacións diversifícanse e mentres decaen as saídas de mercurio, fosfatos ou manganeso, aumentan as de mineral de ferro, laranxas, tecidos de algodón, calzado, cortiza, conservas, aceite, etc.

En resume, entre 1850 e 1914 as exportacións españolas evolucionan desde un elevado grao de concentración, tanto no que se refire ós países de destino como na súa composición interna, cara a diversificación competindo en novos mercados e con novos produtos. Debe destacarse nese proceso a incorporación de produtos industriais de consumo -calzado, textiles...- e o aumento de exportacións destinadas a países como Portugal, Italia, Alemaña, Estados Unidos ou Arxentina en detrimento dos tradicionais Gran Bretaña, Francia ou Cuba²⁵.

No caso de Portugal os principais destinos das súas exportacións son Gran Bretaña, Brasil, España, Francia, Alemaña e Estados Unidos; é dicir, os mesmos destinos que tiñan as exportacións españolas coa diferenza de que o lugar que no caso español ocupaba Cuba no caso portugués ocupao Brasil²⁶. Os seis países indicados absorben arredor do 90% das exportacións totais de Portugal ata 1890 sendo moi destacado o peso de Gran Bretaña que, por exemplo, na década de 1860 recibe o 60,3% das exportacións totais de Portugal. Refléxase así o elevado grao de concentración xeográfica das exportacións portuguesas durante a maior

²³ NADAL FARRERAS, J. *Op. Cit.*, páx. 243.

²⁴ Sobre as exportacións de viño véxase CARNERO, T. *Expansión vinícola y atraso agrario. La viticultura española durante la gran depresión (1870-1900)*. Madrid, 1980, GARCIA SANZ, A., *Op. Cit.*, PAN MONTOJO, *op. cit.*

O mineral de ferro representa, desde os anos oitenta do século pasado ata a Primeira Guerra Mundial, arredor da cuarta parte do valor total das exportacións españolas a Gran Bretaña. Véxase NADAL FARRERAS, J. *Op. Cit.*, especialmente as páxinas 248-251., e PRADOS DE LA ESCOSURA, L. *Comercio exterior...* as páxinas 39-45.; do mesmo autor "El comercio hispano-británico en los siglos XVIII y XIX I. Reconstrucción" en *Revista de Historia Económica*, Vol. II, nº 2, páx. 113-162.

²⁵ Para unha comparación con Italia e a Europa do sur poden verse as partes dedicadas ó sector exterior e a introductoria, do libro PRADOS DE LA ESCOSURA, L. e ZAMAGNI, V. (Eds.) *El desarrollo económico en la Europa del sur: España e Italia en perspectiva histórica*. Madrid, 1992.

²⁶ Para unha mostra máis ampla de países pode verse LAINS, P. "Foreign Trade...", páx. 127.

parte do século pasado²⁷. Brasil, o segundo mercado máis importante para Portugal, absorbe aproximadamente un quinto das exportacións portuguesas.

Merece destacarse aquí que, en termos cuantitativos, España é mellor cliente para Portugal que Francia. Entre 1851 e 1913 Francia só supera a España na década de 1880, subperíodo no que tamén se sitúa como segundo cliente máis importante para Portugal detrás de Inglaterra. España ocupa, agás breves períodos, o terceiro lugar, detrás de Gran Bretaña e Brasil, como destino das exportacións portuguesas durante toda a segunda metade do século XIX e aínda na primeira década do século XX. As maiores taxas de participación española nas exportacións portuguesas rexístranse entre 1891 e 1913.

O proceso de diversificación espacial das exportacións portuguesas é paralelo ó aumento de peso relativo de países como Alemaña, Estados Unidos ou as Colonias Africanas²⁸. A presenza cada vez maior de Alemaña e Estados Unidos é unha característica común no comercio exterior dos dous países ibéricos e é tamén o resultado de que esas dúas potencias aumentan o seu peso dentro do conxunto do comercio mundial. Pero, hai tamén aspectos diferenciadores entre España e Portugal, un deles é que mentres Cuba perdía progresivamente importancia como receptor de mercadorías españolas, non acontece o mesmo con Brasil a respecto das exportacións portuguesas; este país mantén un elevado grao de regularidade como mercado receptor de mercadorías portuguesas conservando o segundo posto ó longo de todo período 1850-1920. Entre 1890 e 1920 as Colonias en Africa xunto con Brasil absorben arredor da terceira parte das exportacións portuguesas totais, converténdose así Portugal no país europeo que "exported a larger proportion of its exports outside Europe, (...), than any other country in Western Europe, except the United Kingdom"²⁹. No caso de Portugal, por tanto, no proceso de diversificación xeográfica das vendas gañan peso, ademais das coñecidas Alemaña e Estados Unidos, as colonias e ex-colonias.

Se elevada era a concentración xeográfica das exportacións portuguesas, non menor é esa concentración no que se refire a súa composición. O viño ven representar cerca da metade do valor total das exportacións portuguesas ata a última década do século pasado e máis da

²⁷ A concentración xeográfica do comercio exterior portugués foi calificada de extrema por CASTRO, A. *Estudos de história socioeconómica de Portugal*. Porto, 1980, páx. 230.

²⁸ Na valoración da importancia das Colonias Africanas como mercado para as exportacións portuguesas, difiren autores como M. Halpern Pereira e Pedro Lains. Mentres para PEREIRA, M. Halpern. *Op. Cit.* "E a criação de um mercado colonial em Africa que permitira a Portugal recuperar o equilíbrio..." ou "salvar o país da asfixia quase total de que estivera próximo entre 1889 e 1900", páx. 207, 320; para LAINS, P. "Foreign Trade..." a visión de PEREIRA, M. Halpern. é esaxerada xa que as exportacións ás colonias africanas "accounted for such a small percentage of national output (about 10%), and had a high import content that is, a low domestic value added", páx. 129.

²⁹ LAINS, P. "Foreign Trade..." páx. 127.

terceira parte entre fins de século e 1914³⁰. O aumento progresivo das exportacións de viño e a súa elevada participación relativa explícase pola incorporación ás exportacións de viños comúns ademais do de Porto e pola expansión dos mercados británico e francés onde os viños comúns portugueses chegarón a ter grande aceptación como *coupage*³¹. A marxe dos viños (Porto, Madeira, e común) merecen destacarse entre as exportacións a cortiza, froita, vexetais, minerais, e gados³². Todos estes produtos van gañando participación relativa en detrimento do viño podendo observarse un proceso diversificador lento pero sostido na composición interna das exportacións. No que se refire a produtos industriais, xunto ás tradicionais manufacturas -sobre todo textiles- destinadas a Brasil, aparecen as rollas de cortiza enviadas a Europa e Estados Unidos, as conservas de peixe para Europa e os tecidos de algodón destinados ás Colonias Africanas. De tódolos xeitos, en termos cuantitativos, os produtos industriais teñen unha importancia secundaria dentro do conxunto das exportacións portuguesas³³.

1.2. As Importacións: Procedencia e composición interna.

Os países suministradores dos principais produtos que importa España son os mesmos que indicabamos máis arriba ó referirnos ás exportacións. Sen embargo, o nivel de concentración xeográfica é neste caso menor. Os sete países anteriormente mencionados³⁴ fornecen entre mediados do XIX e finais da década de 1880 entre o 70 e o 80% das compras exteriores españolas; desde a última década do século pasado ata 1920 tende a baixar a súa participación suministrando algo menos dos dous tercios das importacións españolas³⁵. Gran Bretaña e Francia ocupan as posicións máis destacadas como provedores a España, mentres que a importancia que como destino de exportacións españolas tiña Cuba deténtana para as importacións Estados Unidos e Alemaña, que se sitúan no terceiro e cuarto posto respectivamente, países estes que ademais gañan peso a medida que o perden Gran Bretaña, Francia e Cuba. A presenza, cada vez maior, de produtos americanos e alemanes no mercado español preocupa seriamente ós británicos, especialmente no que atinxe ás

³⁰ LAINS, P. *Idem*, páx. 126.

³¹ SIDERI, S. *Op. Cit.* páx. 236. Sobre os mercados para os distintos viños portugueses véxase tamén PEREIRA, M. Halpern. *Op. Cit.*, páx. 217-232.

³² Véxanse LAINS, P. "Foreign Trade..." páx. 126, e SIDERI, S. *Op. Cit.*, páx. 236-239.

³³ PEREIRA, M. Halpern. *Op. Cit.*, páx. 207.

³⁴ Alemaña, Cuba, Estados Unidos, Francia, Gran Bretaña, Italia e Portugal.

³⁵ Porcentaxes máis concretas ofrécense en ESPIDO BELLO, M.C. *Op. cit.* Vol. I, páx. 58.

mercadorías alemanas que son as que exercen maior competencia sobre as de produción británica. Desta preocupación deixa constancia a información consular británica, que non se cansa de comentar, mesmo explicar detalladamente, os sistemas de comercialización utilizados polos alemáns en España e Portugal. Para os cónsules ingleses o éxito dos produtos alemáns reside precisamente nos sistemas de comercialización utilizados, é dicir, para eles o éxito explícase pola intervención dos comisionistas viaxantes que poñen en comunicación directa ó produtor co consumidor así como polas facilidades de crédito a curto prazo que conceden³⁶.

A maior participación británica rexístrase na década seguinte ó arancel Figuerola, cun 29,7% mentres que as maiores taxas para Francia se encontran na década de 1860 cun 35,3% . Ningún destes países acada os máximos de participación no conxunto das importacións españolas nos anos seguintes á realización de tratados de comercio e navegación con España, tratados de 1882 (con Francia) e 1886 (con Gran Bretaña). Portugal e Italia presentan participacións máis baixas como provedores a España das que representaban como clientes. A maior taxa para Italia aparece na última década do século XIX e para Portugal entre 1891 e 1913, coincidindo curiosamente cunha etapa de auxe proteccionista nos dous países ibéricos, en comparación coas décadas anteriores; pero tamén co tratado de comercio asinado en 1893, principal responsable da intensificación das relacións comerciais entre os dous países. Neste período Portugal suministra a España o 4,36% das nosas importacións totais.

A composición interna das importacións españolas varía ó longo do período analizado. Entre 1850 e 1869/70, o período de maior crecemento das importacións, destacan o algodón en rama, azucre, tecidos, material ferroviario, trigo, bacallao, ou cacao. No período 1869-1891 asístese a un proceso progresivo de transformación na estrutura das importacións no que "bienes de consumo y alimentos comienzan a ser desplazados paulatinamente por materias primas industriales y bienes de capital: carbón, madera, maquinaria y manufacturas de hierro y acero que, junto al algodón en rama, constituyen los sectores más dinámicos de las importaciones"³⁷. Esta diversificación reflexa o proceso modernizador experimentado pola economía española ó longo da segunda metade do século e a necesidade da industria española de abastecerse nos mercados exteriores³⁸. En vésperas da primeira Guerra Mundial os produtos con maior peso nas importacións son, algodón en rama, carbón, maquinaria,

³⁶ Véxase por exemplo British Parliamentary Papers. *Accounts and Papers*, Ano 1882, Vol. LXXI, ou tamén na mesma liña o informe do cónsul español en Funchal de 1887, GARRIDO, "Memoria comercial de Funchal" en *Memorias comerciales redactadas por los cónsules de España en el extranjero y publicadas por la Junta de Aranceles y Valoraciones*. (1887), Tomo XII.

³⁷ PRADOS DE LA ESCOSURA, L. *Comercio exterior...* páx. 50.

³⁸ PRADOS DE LA ESCOSURA, L. *De Imperio a Nación. Crecimiento y atraso económico en España (1780-1930)*. Madrid, 1988., páx. 201.

productos químicos, madeiras, ferro e aceiro manufacturado. Detrás destes, todos eles vinculados ó sector industrial, aparece ocupando a sétima posición o primeiro alimento, o bacallao. Seguirano en importancia gado, trigo, café, tecidos de algodón etc.³⁹.

En resume, as importacións españolas entre mediados do século XIX e a Primeira Guerra Mundial aumentan o seu grao de diversificación tanto xeográficamente como na súa composición interna. Outro aspecto a destacar e que estas importacións aparecen cada vez máis vinculadas ás necesidades de materias primas e bens de equipo para a industria e o transporte do noso país, perdendo, en consecuencia, peso relativo os bens manufacturados de consumo e os alimentos.

As importacións portuguesas presentan un grao de concentración xeográfica bastante superior ó das importacións españolas e un nivel de concentración semellante ó que se reflexaba nas exportacións do país veciño. Tal como acontecía con España os principais suministradores de mercancías a Portugal son os mesmos seis países xa antes mencionados como clientes portugueses⁴⁰. Deses seis países proveñen durante toda a segunda metade do século XIX entre o 80% e o 90% das importacións portuguesas totais; porcentaxes que se sitúan ó redor do 75% nas dúas primeiras décadas do século XX.

Dentro dos seis indicados, Gran Bretaña constitúe, a moita distancia dos seguintes, o máis importante suministrador a Portugal con taxas que oscilan entre un mínimo dun 30% e un máximo do 58,5% (sempre referido a porcentaxes medias decenais). Brasil, que era o segundo cliente para Portugal, revélase pouco importante como provedor, especialmente a partir da década de 1870; Brasil constitúe, como suministrador de mercadorías a Portugal, o espello do que para España representaba Cuba. Francia, Alemaña e Estados Unidos teñen maior peso como suministradores de productos a Portugal do que tiñan como receptores de mercadorías portuguesas. Destes países tanto España como Portugal importan basicamente productos manufacturados, se ben de Estados Unidos veñen tamén productos agrarios e materias primas. O papel de España dentro das importacións portuguesas aparece como menos importante, en termos de porcentaxe, do que se presentaba nas exportacións. As porcentaxes medias varían entre o 4,6%, taxa máis baixa nos anos da postguerra mundial, e o 8,13%, taxa en torno á que se sitúan as importacións con orixe en España ó longo de 1860-1913. Debe indicarse que mentres que como mercado para a produción portuguesa España ocupaba regularmente a terceira posición, detrás de Gran Bretaña e Brasil, como suministrador sitúase durante todo o período por detrás de Gran Bretaña e Francia, e a partir da década de 1880 en quinta posición por detrás tamén de Alemaña e Estados Unidos.

³⁹ Véxanse os Cadros dos principais productos exportados e importados na península para os anos 1911-1914, das *Estadísticas del Comercio exterior de España* dos referidos anos. Madrid, Imp. Nacional.

⁴⁰ Alemaña, Brasil, Estados Unidos, España, Francia e Gran Bretaña.

No que se refire á composición interna das importacións portuguesas Pedro Lains indica que "imports were essentially composed of manufactured goods and industrial inputs"⁴¹ e, na mesma liña, Miriam Halpern afirma que "a corrente importadora é, esmagadoramente composta por produtos industriais destinados ao consumo corrente e por obxectos de luxo"⁴². Sen embargo, cando descendemos a mercadorías concretas, pode observarse un maior grao de diversificación na composición das importacións do que se daba para as exportacións. Ata 1880 a primeira posición ocúpana os tecidos de algodón, seguidos do azucre, bacallao, tecidos de lá e cereais. A partir dos anos oitenta o primeiro lugar é para os cereais, seguidos de algodón en rama, carbón, bacallao, zucre, tecidos de algodón, animais etc.⁴³.

O cambio na composición relativa das importacións que realiza Portugal reflexa, entre outros fenómenos, o esforzo industrializador dese país nos derradeiros anos do século pasado. Pero ese cambio afecta tamén á participación relativa de cada un dos países subministradores. A caída das importacións de tecidos de algodón afecta sobre todo a Gran Bretaña e Francia, que aínda que ambos figuran tamén como vendedores das mercadorías en auxe nesta época (cemento, carbón, algodón en rama, tabaco), reséntense da competencia de novos países que se incorporan con forza no subministro destes produtos. Alemaña compite con Francia no suministro de cemento e tecidos de la, con Gran Bretaña no fornecemento de bens de equipo, e controla cada vez unha parte maior do zucre importado en Portugal. Suecia e Noruega desprazan a Gran Bretaña no subministro de bacallao etc. En resume, ese cambio de peso relativo na composición das importacións é o que leva a que mentres os valores das vendas inglesas a Portugal tenden a caer a partir dos anos 1870, as de Suecia e Noruega aumentan considerablemente e as de Alemaña multiplícanse por cinco en apenas unha década, entre 1870/75 e 1876/80⁴⁴.

2. A EVOLUCION DO COMERCIO HISPANO-PORTUGUES.

Nas páxinas anteriores viuse que España e Portugal seguiron na etapa contemporánea as pautas dominantes de crecemento do comercio internacional occidentais. Analizouse tamén á composición interna dos fluxos exteriores de cada un dos dous países e á distribución xeográfica deses fluxos. Seguidamente analízase o comercio bilateral entre os dous países ibéricos. Para iso aproximáronos ós datos xerais de comercio, tanto españois coma

⁴¹ LAINS, P. "Foreign Trade...", páx. 168.

⁴² PEREIRA, M. Halpern. *Op. Cit.*, páx. 241.


⁴³ PEREIRA, M. Halpern. *Op. Cit.*, páx. 241-251; LAINS, P. "Foreign Trade..." capítulo 4, dentro del especialmente páx. 194.

⁴⁴ SIDERI, S. *Op. Cit.*, páx. 233-236. Véxase tamén LAINS, P. "Foreign Trade...", capítulo 4.

portugueses, facendo fincapé nos ciclos e nas diverxencias e similitudes que presentan os datos estatísticos dos dous países.

O cuadro I e gráfico I recollen a evolución do comercio bilateral segundo as estatísticas de comercio exterior españolas. Segundo pode deducirse do referido cuadro I o volume de intercambios (importacións máis exportacións) entre España e Portugal multiplícase por 27,6 entre 1849 e 1921, sendo moi superior o crecemento das importacións que o das exportacións, se ben é certo que se partía de niveis de importación - rexistrada - moi baixos.

GRAFICO Nº I



FONTE: Elaborado a partir do cuadro I.

CADRO NUMERO I
COMERCIO HISPANO-PORTUGUES
(Pesetas correntes)

ANOS	IMP. TOTAL (1')	EXP. TOTAL (2')	S. COMERCIAL (2')-(1')
1849	533660	2112864	1579204
1850	728383	2238551	1510167
1851	1880916	3295531	1414615
1852	1208086	3487253	2279167
1853	1599998	5421609	3821611
1854	1381817	7998975	6617158
1855	795701	9475673	8679972
1856	1267180	7531649	6264469
1857	2480911	6627781	4146870
1858	1828539	4728028	2899488
1859	1917862	5390753	3472890
1860	2098877	5728849	3629971
1861	2461153	10655753	8194600
1862	2153650	8168417	6014767
1863	2679477	7437348	4757871
1864	2668366	12223953	9555586
1865	2283465	14931467	12648002
1866	2842032	11084612	8242580
1867	2641707	9657787	7016080
1868	4222157	5837212	1615055
1869	2803907	7791887	4987980
1870	4283715	12899888	8616173
1871	4193011	20916801	16723790
1872	5647743	27371313	21723570
1873	4403301	44903977	40500676
1874	5002062	32024622	27022560
1875	4482046	40103458	35621412
1876	4386800	19832786	15445986
1877	5030272	35621667	30591395
1878	6007031	27993482	21986451
1879	6182322	31215545	25033223
1880	12002902	26702036	14699134
1881	9581656	24412802	14831146
1882	5613150	19402553	13789403
1883	5880120	23953560	18073440
1884	5824925	24642209	18817284
1885	5124673	22058270	16933597
1886	6629980	33287069	26657089
1887	6486317	21977190	15490873
1888	5235767	24287884	19052117
1889	5961870	30498306	24536436
1890	18748008	26078208	7330200

ANOS	IMP. TOTAL (1')	EXP. TOTAL (2')	S. COMERCIAL (2')-(1')
1891	12336454	21032648	8696194
1892	10093860	16627439	6533579
1893	9274500	21879209	12604709
1894	21004991	22226591	1221600
1895	35029601	31048097	-3981504
1896	35209411	34903009	-306402
1897	31118160	30218443	-899717
1898	32454286	38879662	6425376
1899	26729328	29878752	3149424
1900	37391258	32518338	-4872920
1901	35311314	40720870	5409556
1902	35230407	39947063	4716656
1903	40976224	38141494	-2834730
1904	38550061	35641402	-2908659
1905	33939072	38300355	4361283
1906	44245627	35217040	-9028587
1907	41863285	35298149	-6565136
1908	47989757	38951307	-9038450
1909	36209329	35316210	-893119
1910	34170391	39756059	5585668
1911	39374766	34872651	-4502115
1912	40742551	31201297	-9541254
1913	40583665	29030336	-11553329
1914	18949766	14186877	-4762889
1915	19822182	16797140	-3025042
1916	14615072	25002147	10387075
1917	10787263	27518543	16731280
1918	8178473	29212000	21033527
1919	7510053	14910683	7400630
1920	17661632	15606764	-2054868
1921	29462113	43683261	14221148

OBSERVACIONES: Exclúese nos datos anteriores o comercio temporal e moeda e barra de ouro e prata.

FONTE: *Estadísticas del comercio exterior de España*. (1849-1921). Madrid, Imprenta Nacional.

Segundo mostra o gráfico I, as importacións españolas procedentes de Portugal van aumentando de maneira sostida ata comenzos da década de 1890; nesa década, en virtude do Tratado de comercio e navegación asinado entre os dous países en 1893, asístese a un salto espectacular das importacións que se manterán a niveis considerablemente elevados ata comezos da Primeira Guerra Mundial. Durante a guerra experimentan unha forte caída para recuperarse de novo nos anos da postguerra. O crecemento das importacións que se dá a partir dos anos 1890 permitirá a Portugal chegar a ter unha Balanza comercial con España máis favorable. A pesar de que o gráfico I reflexa un importante desequilibrio a favor de España no período 1870-1890, o comercio bilateral resulta, segundo veremos, en conxunto

bastante equilibrado ó longo da segunda metade do XIX e primeiras décadas do século XX. A este equilibrio xa se referiu Miriam Halpern, para quen "Se as relacións comerciais com os países industrializados da Europa e América son en xeral desfavorábeis a Portugal, as trocas entre Portugal, España e Brasil son máis benéficas. Non orixinan un déficit a Portugal"¹.

As exportacións españolas a Portugal parten de niveis superiores ós das importacións e mostran unha tendencia de crecemento continuada pero algo máis oscilante que as importacións dese país ó longo de todo o período analizado. Os ciclos son aquí algo diferentes dos que reflexaban as importacións. A fase de maior crecemento é anterior á que se dá para as importacións; comenza a fins dos anos sesenta do século XIX. Nos anos noventa do pasado século o crecemento mantense pero a ritmos inferiores ós dos anos precedentes.


En conxunto ata á última década do século pasado, as exportacións van moi por enriba das importacións sendo o período de maior diferenza os anos 1870-90 mentres que a partir dos 1890 o comercio segue unha pauta semellante para importacións e exportacións, con déficits ou superávits non moi importantes. O que acontece no período de 1870-1890 resulta, en principio, un tanto contradictorio co que cabería esperar pola evolución da política arancelaria española, vistas as medidas liberalizadoras levadas a cabo durante o Sexenio (1869-75), especialmente, no que afecta ó comercio, a Lei de Reforma Arancelaria e Arancel de 1869. Sen embargo, a década de 1870 non constitúe, para o que é estrictamente o comercio bilateral, un punto de ruptura destacado. As importacións xa se viran favorecidas polo arancel de 1849 que permitiu ir introducindo no comercio legal partidas que antes se realizaban por vía clandestina e axudar a crear máis redes comerciais. Nese sentido as medidas de 1869 deron un avance máis para facilitar as importacións e o comercio en xeral pero, non parece que se poida situar nesta data un cambio tan importante como algunhas veces se indica.

A evolución que se observa na curva de exportacións no período 1870-90, é realmente máis un salto nas **saídas** desde España a Portugal que un salto real de exportacións destinadas a ser consumidas no país veciño. O que figura como exportacións españolas, que nós calificamos de saídas, inclúen, entre 1870 e 1885/90, cantidades importantes dalgúns partidas para as que o destino último non é Portugal. Entre outros produtos, saen importantes cantidades de mercurio, fosfatos e chumbo para Gran Bretaña. Para o escoamento destes produtos aproveítase, nos primeiros anos, a recentemente aberta liña ferroviaria de Badaxoz, primeira liña internacional que se constrúe en Portugal, e máis tarde tamén a de Cáceres. O que acabamos de indicar non impide, sen embargo, a existencia dun aumento real das exportacións españolas a Portugal, en sentido estricto, neste período. Pero, segundo veremos, este aumento é menor do que as cifras españolas rexistran.

¹ PEREIRA, M. Halpern. *Op. Cit.*, páx. 268.

Para poder diferenciar as exportacións propiamente ditas a Portugal do que son as saídas de mercadorías españolas a través dese país, resulta imprescindible acudir ós datos proporcionados polas Estatísticas Portuguesas. A evolución do comercio bilateral, esta vez con base nas fontes portuguesas, móstrase no gráfico 2. Nese gráfico non se inclúe nin tránsito ou transbordo nin reexportación, é dicir inclúe unicamente o que é comercio propiamente bilateral, e, dentro deste, como resulta obvio, recolle só o comercio legalmente rexistrado.

GRAFICO Nº 2



FONTE: Elaborado a partir de ESPIDO BELLO, M. C. Op. cit., vol. 2, pp. 30-31.

Segundo se ve no gráfico 2 desde mediados do século XIX ata os anos 1890, as importacións portuguesas de España son superiores ás exportacións ó noso país, especialmente entre 1885-92. Ata aquí a tendencia coincide ca que presentaban os datos españois, pero o que acontece é que o saldo (exportacións - importacións) que presentan unha fonte e a outra, sobre todo entre 1870-1885, é sensiblemente diferente. Isto explícase porque unha parte das exportacións españolas a Portugal son tránsitos. Por iso á hora de estudar as relacións comerciais con Portugal é necesario ter en conta as operacións de tránsito. O salto máis importante no comercio entre os dous países ibéricos obsérvase, tanto para importación como para exportacións, a partir da última década do século pasado. Neste período as fontes dos dous países amosan un elevado grao de coincidencia ó tempo que presentan unhas relacións comerciais entre os dous países moi equilibradas en termos de saldo.

2.1. O crecemento do comercio bilateral e o crecemento do comercio exterior global de cada un dos dous países.

A intensificación que experimentan as relacións comerciais hispano-portuguesas pode parecer pouco importante se se ten en conta que ésta foi unha etapa de grande crecemento do comercio mundial, e especialmente do europeo. Neste sentido podería pensarse que a expansión do comercio hispano-portugués desta época non tería sido máis que un reflexo na periferia europea desa tendencia xeral.

Sen embargo, o comercio bilateral hispano-portugués presenta diferencias importantes a respecto das pautas xerais, unhas diferencias que paga a pena comentar. Para comezar, o período de maior crecemento do comercio obxecto do noso estudo, a partir de 1894, coincide precisamente cunha etapa de relativo estancamento no comercio europeo. Un segundo exemplo das particularidades do comercio intraibérico atópase no feito de que o crecemento citado estivo baseado no aumento dos intercambios de produtos nos que en teoría os dous países serían substitutivos. Finalmente, a idea extendida a partir da afirmación do cónsul alemán Gwinner sobre a primacía do tránsito no comercio hispano-portugués, unha afirmación derivada dos mesmos postulados da economía convencional segundo os que o comercio internacional non se produce sobre a base de produtos substitutivos, senón complementarios, resulta pouco axeitada á realidade no período que nós analizamos².

A). Portugal no comercio exterior español.

Nos gráficos 3 e 4 preséntanse os índices, con base na media do período (1849-1855), das exportacións e importacións españolas respectivamente, comparando as destinadas ou recibidas a/de Portugal coas totais³.

Comezando polas exportacións, se se comparan os índices das destinadas a Portugal cos das totais podemos diferenciar dúas etapas. Unha primeira etapa, entre mediados do século pasado e os anos setenta no que a evolución exportadora a Portugal transcorre a ritmo semellante ó das exportacións totais⁴. Na segunda etapa, desde os setenta ata comezos da Primeira Guerra

² GWINNER, A. "La política comercial de España en los últimos decenios" reproducido en ESTAPE, F. *Textos olvidados*. Madrid, 1973, páx. 253-333. A cita corresponde á páxina 291.

³ Estes índices están elaborados sobre valores constantes, utilizando como deflactor para os valores correntes o índice xeral de precios con base en 1913, obtido de MALUQUER DE MOTES, J. "Precios, salarios y beneficios. La distribución funcional de la renta" en CARRERAS, A. (Coord.) *Estadísticas Históricas de España. Siglos XIX y XX*. Madrid, 1989. Este índice resulta en realidade da combinación dos índices elaborados por SARDA, J. *La política monetaria y las fluctuaciones de la Economía española en el siglo XIX*. Madrid, 1948, e e o "Dictamen de la comisión nombrada por Real Orden de 9 de Enero de 1929, para el estudio de la implantación del patrón de oro" reproducido en *Información Comercial española*, nº 318, 1960, páx. 73-74.

⁴ Se en lugar das saídas o que temos en conta son as verdadeiras exportacións a Portugal, esta etapa prolóngase ata mediados dos oitenta do século pasado.


Mundial, as exportacións a Portugal medran a un ritmo sensiblemente superior ó que rexistran as exportacións totais españolas. Tanto nun caso como no outro as exportacións medran ó longo de todo o período ata que o conflito mundial interrompe este proceso. Pero, especialmente a partir de 1869 as saídas a Portugal adquiren cada vez máis importancia.

No que se refire ás importacións, a tendencia crecente é, se cabe, máis visible e resultan tamén dúas fases claramente diferenciadas. Na primeira etapa, que neste caso se alonga desde mediados de século ata os anos noventa, as taxas de crecemento son semellantes para as importacións de Portugal e as totais; se ben desde os anos setenta o índice das importacións portuguesas tende a situarse por encima do das importacións totais. A segunda etapa, desde os anos noventa ata 1914/16 vén marcada por unha fase de estancamento das importacións totais e un salto, que podería calificarse de espectacular das importacións de Portugal.

GRAFICO Nº 3

INDICES DE EXPORTACIONES ESPANHOLAS.

ELABORADOS SOBRE A SERIE DEFLACTADA



FONTE: Elaborado a partir de ESPIDO BELLO, M. C. Op. cit., Vol. 2, pp. 2-3 e 10-11, deflactando as series de valores correntes.

GRAFICO Nº 4



FONTE: Elaborado a partir de ESPIDO BELLO, M. C. Op. cit., Vol. 2, pp. 2-3 e 12-13, deflactando a serie de valores correntes.


B). España no comercio exterior portugués.

O comercio español con Portugal non só medrou ó longo do período analizado senón que o fixo a ritmo notablemente superior ó do comercio total español. ¿Ocorre o mesmo desde o lado portugués?. Para facer a comparación elaboráronse tamén índices para exportacións e importacións respectivamente do comercio portugués con España e total. O resultado preséntase nos gráficos 5 e 6 respectivamente.

A curva de exportacións globais (gráfico 5) mostra un crecemento moderado pero case continuo. Dentro desa tendencia crecente pódense establecer tres etapas: dúas de claro crecemento e, no medio, unha de estancamento. Na primeira etapa, entre 1851 e 1875 asístese a unha fase de crecemento ininterrompido; en 1875 as exportacións totais portuguesas equivalen a 2,8 veces as de 1851, e o índice con base na media do período (1851-1856) acada o 202 %. A segunda etapa, 1875-1895, caracterízase por un certo estancamento estable; nesta fase o índice só acada ou supera o 200% en tres ocasións (1880, 1886 e 1892). Finalmente, a mediados dos noventa recupérase a tendencia crecente, tendencia que unicamente se interromperá nos anos 1914/15.

Nas exportacións portuguesas con destino a España podemos tamén diferenciar tres ou catro etapas. A primeira etapa, 1851-1870, caracterízase por un continuo crecemento que, sen embargo, é algo inferior ó das exportacións totais; en 1870 o índice con base na media do período (1851-1856) acada o nivel 172%. A segunda etapa, 1870-1893, presenta unha tendencia decrecente, decrecemento que se acentúa na década de 1880 na que as exportacións a España se reducen á metade do que eran na década anterior, chegando ó final desta década e comenzos da dos noventa cun nivel de exportacións a España moi pouco superior ó de 1851. A partir de 1894 as exportacións portuguesas a España non só experimentan un forte crecemento senón que superan con amplitude os índices xerais⁵. Así, por exemplo, en 1900 o índice das exportacións a España sitúase no 443,5% mentres que o xeral está en 257,7%., niveis tanto nun caso como no outro que superarán ata 1914. A partir da guerra o índice de España sitúase de novo por debaixo do xeral.


GRAFICO Nº 5



FONTE: Elaborado a partir de ESPIDO BELLO, M.C. Op. Cit. Vol. 2., pp. 32-33.

⁵ Para LAINS, P. "Foreign Trade...", este crecemento de exportacións cara a España non é real senón que inclúe tránsito a través da fronteira. Conclusións semellantes parecen obterse dos traballos de María Fernanda ALEGRIA *O desenvolvemento da rede ferroviaria e as relacións con España no século XIX*, Relatorio nº 5, linha de acción nº 6, Centro de Estudos Geográficos, INIC, Lisboa, 1983, páx. 1-17. (policopiado); *O caminho de ferro e a função de tránsito nas relações comerciais luso-espanholas na segunda metade do século XIX e início do século XX*. Relatorio nº 5, linha de acción nº 6, Centro de Estudos Geográficos, INIC, Lisboa, 1983, páx. 18-56 (policopiado), nos que di que unha parte das mercadorías transportadas polos ferrocarrís portugueses son tránsitos entre as áreas de Galicia e Salamanca. Na nosa opinión, á marxe de que efectivamente se inclúa algún tránsito, hai un crecemento real das exportacións e importacións.

GRAFICO Nº 6
 INDICES DAS IMPORTACIONES PORTUGUESAS.
 ELABORADAS SOBRE VALORES CORRENTES



FONTE: Elaborado a partir de ESPIDO BELLO, M.C. Op. Cit. Vol. 2., pp. 32-33.

Aínda que en principio resulta máis chamativo o que acontece con posterioridade a 1894, polo cambio tan brusco de tendencia que se observa, cremos que a análise dos datos do período anterior merece especial atención. Para unha mellor comprensión do que se acaba de dicir convén ter presente que a curva do gráfico 5, que recolle as exportacións a España, debería ser o reflexo da curva do gráfico 4, na que se representan as importacións españolas de Portugal. O comparar estes gráficos, vemos que mentres a evolución marcada para os anos 1890 e seguintes é paralela, non acontece o mesmo nas décadas anteriores. Esta caída da década de 1880 que amosan os datos portugueses non se aprecia nos datos españois de importacións de Portugal, senón que, ó contrario se observa unha tendencia ó aumento.

No período 1850-90 parece claro que o crecemento das exportacións portuguesas non se orienta cara a España. Nesta etapa, a curva española vai durante todo o tempo por debaixo da global e ademais mentres o conxunto das exportacións portuguesas presenta unha tendecia de crecemento moderado pero constante, as súas exportacións cara España presentan un crecemento baixo e oscilante. ¿A que se debe ese descenso das exportacións portuguesas a España?. ¿Como entón se reflexa nos datos españois un aumento? ¿Cales serían os datos máis correctos, os españois ou os portugueses?. O tránsito a través de Portugal, tanto na dirección de entrada como na de saída, explica, senón totalmente sí nun grao elevado, as diferencias.

A partir de 1894, entre as principais bases explicativas do auxe das exportacións portuguesas a España destaca, pola inmediatez do seu efecto, o Tratado de comercio e navegación asinado entre España e Portugal o 27 de Marzo de 1893. Na nosa opinión, sen embargo, este tratado debe verse non tanto como causa senón máis ben como o resultado dos cambios que se están a dar no mercado mundial e sobre todo no cambio de rumbo que á política comercial portuguesa se lle intenta dar nesta década. Isto para alén de indicar que as relacións entre Portugal e España se ven favorecidas tanto polas tensas relacións que Portugal vive neses anos con Inglaterra como pola reacción proteccionista dos dous países fronte a terceiros.

Pola súa parte, as importacións portuguesas (gráfico 6) con orixe en España, ó contrario do que acontecía coas exportacións, medran desde mediados do XIX ata 1920 a taxas superiores ás das importacións portuguesas totais. Neste caso na década de 1890 non temos un cambio de tendencia senón simplemente un aumento nas taxas de crecemento das importacións. As diferencias entre esta curva e a do gráfico 3 (que recolle as exportacións españolas a Portugal) para os anos 1870-1890 están relacionadas co tránsito como xa se indicou máis atrás.

3. O TRANSITO A TRAVES DE PORTUGAL.

Según se viu nas páxinas anteriores, o tránsito a través de Portugal explica unha parte importante das diverxencias que aparecían entre as estadísticas españolas e as portuguesas. Mentres na fonte española o tránsito non aparece diferenciado senón englobado dentro das exportacións e importacións, na fonte portuguesa rexístrase separadamente.

A aproximación ó Tránsito, ó seu significado e tendencias, resulta fundamental para poder analizar e sacar conclusións sobre os saldos da balanza comercial hispano-portuguesa, xa que de descoñecer o que representaba o tránsito, veriámonos abocados a unhas conclusións erróneas sobre os referidos saldos. Unha primeira achega ás cifras portuguesas de tránsito constituirá por tal motivo o obxectivo deste epígrafe

3.1. Envíos desde España para os que o destino final non é Portugal.

O cadro número 2 recolle, segundo cifras oficiais portuguesas, a entrada de mercadorías españolas en Portugal, con distinción daquelas destinadas ó consumo (que son as exportacións españolas destinadas a consumirse efectivamente en Portugal), aquelas que van baixo as formas de transbordo ou tránsito (saídas polas aduanas limítrofes españolas con destino ó consumo en terceiros países), e as que se destinarán á reexportación⁶. Segundo pode verse no

⁶ Para unha aproximación a estes conceptos véxase ESPIDO BELLO, M.C. Op. Cit., Cap. 1.

cadro, as reexportacións teñen moi pouca importancia, mentres que tránsito e transbordo chegan, nalgúns anos, a superar a importación para o consumo. Sen embargo, a evolución periódica é semellante para tránsito e reexportación, é dicir, as reexportación adquiren máis importancia naqueles períodos nos que o tránsito é maior.

O comercio de tránsito a través de Portugal téñense referido algúns autores tanto españois como portugueses. En Portugal este aspecto mereceu certa atención por parte da historiografía recente, especialmente no que ten que ver con traballos de investigación vencellados á análise dos transportes, sobre todo do ferrocarril⁷. A relación entre o tránsito e o ferrocarril resulta clara. Magda Pinheiro indica que o réxime de tránsito "nao existia antes de 1866 e é uma consequência da construção dos caminhos de ferro (...) Se o regime de trânsito acompañou a abertura da primeira ligação ferroviária, impossível era, neste caso, que nao existise uma relação entre os dois factos"⁸.

⁷ Véxase sobre isto as *op. cit.* de ALEGRIA, M.F. así como tamén PINHEIRO, M. "Portugal e Espanha: Integração e ruptura. Os caminhos de ferro (1850-1890) en *Ler História*, nº 11, 1987. páx. 47-75; "L'histoire d'un divorce: l'integration des chemins de fer portugais dans le réseau ibérique" in *European networks (XIXth-XXth centuries). New approaches to the formation of a transnational system (air, land, and sea)*. EUI Colloquium paper. 1993. Doc 123/93 (Col. 20).

No lado español, sen tratar especificamente o tránsito, ofrecenos unha boa síntese e abundantes referencias FERNANDEZ CLEMENTE, E. "El sueño de una <<Zollverein>> algunas propuestas económicas del iberismo para Portugal y España en el S. XIX" mimeo.

⁸ PINHEIRO, M. "Portugal e Espanha: Integração e ruptura...", páx. 64.

CADRO NUMERO 2

VALOR DAS MERCANCIAS ESPAÑOLAS INTRODUCIDAS EN PORTUGAL.

(Valores en contos de reis)

ANOS	IMP.CONSUMO	TRANSITO E T.	REEXPORTAC.	TOTAL
	(1)	(2)	(3)	(1)+(2)+(3)
1865	2010	8	50	2068
1866	2349	143	73	2564
1867	2347	121	63	2531
1868	1575	138	63	1776
1869	1905	209	57	2171
1870	1821	270	185	2276
1871	2040	1781	88	3908
1872	2750	1776	117	4643
1873	2492	2570	202	5263
1874	2252	1122	229	3603
1875	2268	2094	200	4562
1876	2138	1762	166	4066
1877	2888	1352	99	4340
1878	2505	2603	104	5212
1879	2452	3368	107	5926
1880	2085	3265	168	5518
1881	2182	3482	434	6098
1882	1951	3068		5019
1885	1636	764	21	2421
1886	2594	100	20	2714
1887	2265	104	49	2418
1888	2551	66	74	2691
1889	3240	94	141	3474
1890	2931	455	50	3437
1891	2491	626	62	3179
1892	1701	964	62	2726
1893	2857	782	73	3711
1894	2960	900	170	4030
1895	3803	473	140	4416
1896	3844	653	129	4626
1897	4210	903	117	5230
1898	4508	925	161	5594
1899	3553	1008	99	4660
1900	4597	947	104	5649
1901	5333	1012	120	6465
1902	6035	1383	176	7594
1903	5401	1394	261	7056
1904	5649	1819	258	7726
1905	5223	1470	235	6927

ANOS	IMP.CONSUMO	TRANSITO E T.	REEXPORTAC.	TOTAIS
	(1)	(2)	(3)	(1)+(2)+(3)
1906	4300	1491	157	5949
1907	4116	1858	190	6164
1908	4832	1823	105	6760
1909	4264	2532	101	6897
1910	4711	2610	125	7446
1911	5106	2270	227	7603
1912	4481	2730	430	7641
1913	3844	2482	352	6678
1914	2125	2056	192	4373
1915	3947	1859	332	6137
1916	8642	2274	403	11319
1917	11712	2540	367	14618
1918	25710	2682	595	28987
1919	19715	1856	747	22317
1920	35178	1646	3867	40691
1921	52530	6637	2256	61423

OBSERVACIONES: Non se inclúen moeda e barra de ouro e prata.

FONTES: *Estatística do Comercio de Portugal com as Suas Possesoes Ultramarinas e Nações Estrangeiras* (1865-1879). Direcção Geral das Alfândegas e Contribuições indirectas, Lisboa. *Comercio do Continente do Reino e Ihas Adjacentes com Países Estrangeiros e com as Provincias Portuguesas do Ultramar* (1880-1896), Conselho Superior das Alfândegas, Lisboa. *Comercio e Navegação* (1897-1921), Direcção-Geral da Estatística e dos Próprios Nacionais, Lisboa.

Efectivamente o primeiro convenio de tránsito asinado como tal coincide coa apertura da primeira liña internacional de ferrocarril portuguesa; despois dalgúns intentos negociadores fallidos ó longo da década de 1850. En calquera caso, existen xa precedentes dese convenio; o máis inmediato é o convenio de navegación do Douro asinado en 1835 e en funcionamento desde 1840 (cando se aproba o regulamento que o desenvolve) e que ten validez ata que o novo entra en vigor. Trátase, por tanto, dun convenio que recollendo parte do anterior se amplía e adecua ós novos tempos tendo en conta os novos medios de transporte dispoñibles, a clasificación aduaneira vixente nese momento etc. co obxectivo de aproveitar e potenciar dentro do posible os fluxos comerciais cara España e desde España¹.

¹ Na historiografía portuguesa máis especializada no tema (M.F. ALEGRIA, M. PINHEIRO) domina unha visión moi pesimista sobre os efectos do ferrocarril e os convenios bilaterais na expansión comercial, ó tempo que resalta a subordinación a España. Nós sen embargo, desde un traballo que non analiza a problemática e discusión na delimitación dos trazados das liñas, puntos de enlace etc., senón o que deron de sí as relacións comerciais, pensamos que a pesar de que obviamente non responderon ás enormes expectativas creadas, tanto os convenios como o propio ferrocarril tiveron efectos positivos nas relacións bilaterais e incluso na integración de áreas próximas.

O 20 de Xuño de 1866 asínase o Convenio de libre tránsito, este convenio xunto co Tratado de Límites de 1864, ratificado o 6 de Febreiro de 1865 en Madrid, crean un marco legal de actuación. Na firma do convenio de libre tránsito xogou un papel nada desdeñable a presión exercida pola "Companhia Real do Caminho de ferro" portuguesa ó presionar para que se chegase a acordo. E é que as compañías de ferrocarrís estaban moi interesadas na existencia do convenio xa que doutro xeito eliminábanse as vantaxes dos transportes baratos pola vía dos dereitos aduaneiros que había que pagar.

A circulación de mercadorías en tránsito a través de Portugal aumentará nos anos posteriores, sobre todo a partir de 1870, pero a execución plena do convenio non se dará ata 1877, sendo precisamente no quinquenio seguinte (1877/78 a 1882) cando se atinxan os maiores valores de saídas desde España baixo o réxime de tránsito. Pola importancia das cifras rexistradas (cadro 2), merecen destacarse dous períodos: 1871-1882 e 1897/99-1922. No primeiro período os produtos obxecto de tránsito son sobre todo metais e minerais. En referencia a estas partidas Manuel Márquez Pérez afirma que "La gran exportación de minerales que se hace por los puertos portugueses, téngase presente que no procede del producto portugués. Los dichos minerales salen de España por la vía férrea de Extremadura con destino a Lisboa u Oporto, consignados a Inglaterra y otros Estados"². Para este autor o tránsito é a principal forma de intercambio comercial entre os dous países da Península Ibérica; así ó referirse ás exportacións españolas a Portugal di que "Las grandes cifras que aparecen en nuestros cuadros de exportación, las arroja la salida de ganado vacuno, lanas comunes sucias y las finas, el azogue, alcohol o galena, plomos pobres y los argentíferos, fosfato calizo, trigo y algún otro artículo; pero téngase en cuenta que todos ellos, salvo ligeras cantidades de los alimenticios, son recibidos, embarcados y conducidos desde Oporto y Lisboa a otros puertos del continente europeo"³. Se no que atinxe ós metais e minerais Márquez Pérez acerta plenamente, non se pode dicir o mesmo no que ten que ver con este conxunto de produtos que aquí inclúe. Magda Pinheiro analiza os principais produtos en tránsito entre 1870 e 1888, así como os principais países de procedencia e de destino das mercadorías. De España, Francia e Inglaterra proceden a maioría dos tránsitos; dentro destes a España corresponde o papel primordial "ata 1882 podemos notar que os tránsitos têm por origem predominante Espanha (em 3873 contos, 78,6% sao oriundos de Espanha representando o azougue 1558 contos ou 42,8% do total)"⁴. No que se refire ós produtos implicados e a súa evolución

² MARQUEZ Y PEREZ DE AGUIAR, M., *Estudios acerca de las relaciones mercantiles entre España y Portugal*. Cádiz, 1880. páx. 18.

³ *Idem, Idem*, páx. 30.

⁴ PINHEIRO, M. , "Portugal e Espanha...". páx. 64.

encontra que entre 1878 e 1888 os produtos máis representativos son o mercurio, o chumbo e os fosfatos.

A eses aproximadamente 15 anos de grandes saídas desde España, con destino maioritario a Gran Bretaña séguelle unha década na que o tránsito procedente de España é, segundo datos oficiais, absolutamente insignificante. A desaparición da corrente de saída de metais e minerais, principais responsables do auxe dos anos anteriores; a modificación dos dereitos de importación portugueses para algúns produtos españois, o tratado comercial asinado con España (1885) e alteracións nas tarifas de ferrocarrís españolas e portuguesas son todos factores que poden axudar a explicar esa caída; unha diminución que tal vez non sexa tan acusada na realidade como indican as cifras oficiais⁵, pero que en calquera caso marca o comezo dunha época diferente.

Entre 1897/99 e 1920 as saídas desde España en tránsito experimentan unha nova fase de crecemento, unha etapa, sen embargo, completamente distinta da anterior. En primeiro lugar, non se acadan nin de lonxe os valores da década dos setenta. En segundo lugar, a composición das saídas é moito máis diversificada e, finalmente, esta expansión enmárcase dentro dun contexto de expansión das relacións comerciais entre os dous países que fai que, en termos relativos, o tránsito teña moito menor peso que no primeiro período mencionado. Así, mentres por exemplo, entre 1878 e 1882 das entradas en Portugal orixinarias de España, o tránsito supera ás importacións para consumo; en 1900 aquel equivale ó 20,6% destas e en 1905 ó 28%. A partir de 1909/1910 e ata 1915 aumenta de novo o peso relativo do tránsito dentro do conxunto das entradas en Portugal orixinarias de España, un aumento de peso relativo que se debe máis á caída das importacións portuguesas de España para consumo que ó aumento do propio tránsito.

3.2. Entradas en España por Portugal orixinarias de terceiros países.

O cadro 3 recolle as mercancías enviadas desde Portugal a España baixo a forma de exportacións, tránsito, transbordo e reexportación. Nese cadro pode verse como as entradas en tránsito teñen escasa importancia ata mediados da década de 1880; nesa década, en palabras de M. Pinheiro "a Espanha deixou de ter importancia nos países de orixe (1,7% do total) mas pasa a ser o destino quase exclusivo (98% do total) das mercadorías em trânsito"⁶. Tal como acontecía coas saídas, nas entradas en tránsito pódense diferenciar dúas etapas: 1886-1896 e 1896-1920.

⁵ Probablemente algunhas mercadorías que están case exentas de dereitos de importación desde 1887 figuren nas importacións aínda que parte vaia en tránsito (caso dalgunha la, cortiza etc.).

⁶ PINHEIRO, M. "Portugal e Espanha: Integração e ruptura...", pág. 64.

Na primeira etapa (1886-1896) o elevado valor das entradas semella ser a réplica do que acontecía coas saídas entre 1870 e 1885. E neste período, e en especial entre 1887 e 1891, cando se rexistra o maior volume de entradas. Neste período Lisboa aparece en certa medida suplantando a Santander, e outros portos do norte de España, no abastecimento de produtos a toda unha franxa española desde Extremadura cara o norte abarcando Madrid. O vista da aduana de Santander avisa desta desviación do tráfico xa en 1885: "Respecto a las canelas, calvillo, pimienta y té, la baja que ofrecen todos estos artículos, por punto general, se explica por las tarifas especiales del ferrocarril del Tajo, así que se importan por Portugal, con la circunstancia especialísima de que los vapores importadores tocan en este puerto antes de ir a Lisboa"⁷.

Na segunda etapa, entre 1896/900 e 1920 as entradas son moito máis moderadas. Esta etapa enmárcase dentro da expansión das relacións bilaterais e unha característica a sinalar destes anos reside na situación de relativo equilibrio que presentan as entradas e as saídas en termos de valores, en contraste co período 1870-1885 no que dominaban as saídas desde España sen que houbera apenas entradas ou, entre 1886-1896 cando predominaban as entradas mentres as saídas eran insignificantes.

⁷ MENDEZ, F. (Vista da aduana de Santander) "Memoria de Valoraciones de la Aduana de Santander" en *Apéndice a las Memorias Comerciales...*, (1876-1890) Tomo X, páx. 3 (do apéndice).

CADRO NUMERO 3

VALOR DAS MERCANCIAS SAIDAS DE PORTUGAL CON DESTINO A ESPAÑA

(Valores en contos de reis)

ANOS	EXPORTACION	TRANSITO E T.	REEXPORTAC	TOTAL
	(1)	(2)	(3)	(1)+(2)+(3)
1865	1183	445	42	1670
1866	1330	235	22	1588
1867	1138	51	41	1230
1868	1332	24	116	1473
1869	1348	39	57	1443
1870	1845	227	68	2140
1871	1563	1	18	1582
1872	1745	142	7	1894
1873	1813	120	23	1957
1874	1400	48	147	1595
1875	1331	9	89	1429
1876	1314	60	34	1409
1877	1610	21	4	1634
1878	1176	9	19	1204
1879	1138	814	13	1964
1880	1778	25	17	1820
1881	1622	468	61	2152
1882	1457	819		2276
1885	1245	389	24	1658
1886	1155	1226	21	2401
1887	1210	1897	6	3113
1888	939	1880	9	2828
1889	1105	2350	18	3473
1890	879	2599	21	3498
1891	888	1808	25	2720
1892	1409	1247	17	2673
1893	1371	848	143	2362
1894	2513	857	162	3532
1895	3228	1090	47	4364
1896	3166	1108	30	4304
1897	3927	512	30	4469
1898	4055	1345	164	5563
1899	3391	1419	34	4844
1900	4749	1833	42	6625
1901	4432	1123	278	5833
1902	4612	1205	204	6021
1903	5372	1261	250	6884
1904	6048	1342	186	7577
1905	4120	881	238	5240

ANOS	EXPORTACION	TRANSITO E T.	REEXPORTAC.	TOTAIS
	(1)	(2)	(3)	(1)+(2)+(3)
1906	5021	1079	191	6290
1907	4941	1093	249	6283
1908	5397	1063	196	6655
1909	5536	1100	104	6739
1910	5085	1504	135	6724
1911	5764	1396	172	7331
1912	5170	1824	200	7193
1913	5479	1549	189	7217
1914	2220	2224	286	4730
1915	2549	2066	552	5168
1916	3371	2350	1233	6953
1917	4222	4434	1081	9737
1918	4179	6331	2734	13244
1919	2996	1812	1868	6676
1920	10581	3886	8233	22700
1921	9452	6711	10790	26953

OBSERVACIONES: Non se inclúen moeda e barra de ouro e prata.

FONTES: *Estatística do Comercio de Portugal com as Suas Possesões Ultramarinas e Nações Estrangeiras* (1865-1879), Direcção Geral das Alfândegas e Contribuições indirectas, Lisboa.
Comercio do Continente do Reino e Ihas Adjacentes com Países Estrangeiros e com as Provincias Portuguesas do Ultramar (1880-1896), Conselho Superior das Alfândegas, Lisboa.
Comercio e Navegação (1897-1921), Direcção-Geral da Estatística e dos Próprios Nacionais, Lisboa.

3.3. Valoración do tránsito.

No tránsito portugués, a relación con España resulta fundamental. España é lugar de orixe ou de destino de máis do 90% do tránsito total polo país veciño. Nunhas etapas predominan as saídas desde España, noutras as entradas e noutras hai equilibrio, pero o que se mantén ó longo do tempo é o nexo co mercado español. O que xa non se conseguiu como norma xeral foi ultrapasar a península e, nese sentido, as esperanzas que en Portugal había a mediados do XIX de que Lisboa poidese chegar a ser un gran centro redistribuidor do comercio mundial e que as liñas de ferrocarril puxesen a Portugal en comunicación con Centroeuropa quedáronse en ilusión.

Tense culpado con certa frecuencia ós trazados das liñas de ferrocarril e á subordinación a España dese fracaso nas comunicacións por terra entre Portugal e os países europeos, deixando entrever o interés español en dificultar as comunicacións a Portugal. Na nosa opinión, sen embargo esas non poden ser as razóns máis importantes. Tal vez os trazados non foron os adecuados, é tamén posible que en determinados momentos desde España non se favorecesen os intereses portugueses, pero, ¿Houbo unha liña constante e coherente na política ferroviaria española? ¿Hóuboa na portuguesa?. As respostas a estas preguntas poden ser diversas pero pensamos que maioritariamente han de ser no sentido negativo. Tanto nun país como no outro aparecen grandes discrepancias internas arredor deste tema. Os trazados finais son con frecuencia o reflexo da influencia política de determinadas áreas ou grupos de presión.

En calquera caso non é só Portugal o que queda isolado de Europa pola vía das comunicacións terrestres, senón que unha ampla franxa española corre a mesma sorte. ¿Que volume de mercadorías de Extremadura, León ou Galicia conseguiu gracias ó ferrocarril ultrapasar os Pirineos?. Realmente pouco.

O estudo da evolución do tránsito a través de Portugal presentada nas páxinas anteriores ponnos en condicións de afirmar que os períodos nos que os valores de comercio en tránsito son maiores coinciden con aqueles nos que os datos de importación/exportación ofrecidos polas estatísticas de ambos países se fan máis diverxentes. Deste xeito se ós datos portugueses de importacións de España lles sumamos os de entrada en tránsito, obtemos unha curva moito máis semellante á das exportacións españolas a Portugal do que obtiñamos ó comparar simplemente os gráficos dos valores das exportacións españolas cos das importacións portuguesas. Un razoamento semellante podemos facer coas importacións españolas. Non queremos dicir que, incluíndo o tránsito a concordancia sexa perfecta pero resulta sorprendentemente elevada. Ben é certo que a coincidencia non é a mesma en tódalas épocas tomadas en consideración, como igualmente o é que resulta maior a aproximación entre as cifras de exportacións españolas/entradas en Portugal que entre as de importacións

españolas/saídas de Portugal; pero as diverxencias non son tan grandes como para non poder ser explicadas por factores como: desfases temporais na contabilización dos fluxos entre un país e outro, pequenas cantidades de contrabando, problemas relacionados coas valoracións españolas ou simplemente por problemas de conversión monetaria. Baixo ningún concepto nos atopamos perante unha comparación disparatada tal como se podía esperar sobre a base das opinións pesimistas dos críticos das estatísticas de comercio exterior. O resultado, moi polo contrario, é o dunha extraordinaria proximidade para o conxunto da serie entre aquilo que os vistas españois rexistran e as institucións encargadas das valoracións estiman e traducen, con aquilo que os encargados das aduanas e das estatísticas portuguesas reflexan nestas últimas.

Mesmo aínda que pensemos que se trata de pura coincidencia, teremos cando menos evidenciado que a toma en consideración do comercio de tránsito é útil para explicar as diverxencias máis rechamantes que aparecen a primeira vista entre ambas estatísticas, permitindo ofrecer así unha nova serie para os valores do comercio español con Portugal. Igualmente coidamos que a toma en consideración do tránsito nos presenta na súa xusta medida un tipo particular de comercio que algúns contemporáneos consideraron (agora vemos que esaxeradamente) que era o único comercio realmente existente entre España e Portugal.

4. O SALDO DO COMERCIO HISPANO-PORTUGUES.


Parece, en principio, que a aproximación ó saldo do comercio bilateral tería a súa ubicación lóxica inmediatamente despois da análise de exportacións e importacións. Sen embargo, despois da exposición realizada nos epígrafes anteriores compréndese que era necesario analizar primeiro o tránsito para estar en condicións de chegar a conclusións válidas sobre o saldo do comercio entre os dous países ibéricos.

A evolución do saldo comercial preséntase no gráfico 7. Respecto a este gráfico é conveniente facer algunhas aclaracións. Por unha parte, tanto no caso dos datos españois como no dos portugueses trátase da diferenza entre exportacións e importacións, o que ocorre é que mentras os datos portugueses recollen estrictamente comercio bilateral, ó separar o tránsito, os españois, polo menos no que atinxe ás exportacións, inclúen saídas que sabemos son en tránsito para outros países. Por outra parte, a curva que recolle os datos españois indica o saldo como resultado de exportacións menos importacións, mentras que no caso portugués presentamos o oposto, é dicir importacións menos exportacións; isto fíxose así co único obxectivo de facilitar a comparación visual das dúas curvas do gráfico. Por tanto onde a curva portuguesa indica saldo positivo, na realidade é negativo e viceversa. Ademais os valores portugueses foron convertidos en pesetas.

GRAFICO NUMERO 7

SALDO DO COMERCIO BILATERAL

VALORES EN PESETAS



FONTE: Elaborado a partir dos cadros I a 3.

Nese gráfico pode observarse a existencia de dous períodos: ún, de extraordinaria coincidencia entre os saldos ofrecidos por cada país, e outro de forte diverxencia entre eles (1870 e 1890). Se recordamos o indicado nas páxinas anteriores resulta que eses son os anos da maior presenza do comercio de tránsito, un tránsito que ambos países contabilizaban de modo diverso: a estatística española dentro das importacións inflando polo tanto o saldo en contra de España, mentres que Portugal o contabiliza aparte. Deste xeito, nós pensamos que o máis axeitado é tirar as conclusións sobre a base dos saldos obtidos sobre as cifras portuguesas, que ademais non se afastan apenas dos españois unha vez depurados dos tránsitos.

A vista dos saldos, a principal conclusión que sacamos é a de que as relacións bilaterais se mantiveron entre 1850 e 1920 bastante equilibradas, algo que xa indicaron no seu día algúns autores portugueses tais como M. Halpern ou A. Castro¹.

Descendo un pouco máis polo miúdo, poden, de tódolos xeitos, diferenciarse dúas etapas distintas, que se corresponden coa época anterior e a posterior á entrada en vigor do tratado de comercio de 1893 asinado entre os dous países. No período anterior ó tratado, o saldo, sen ser moi elevado, é permanentemente favorable a España. No período posterior a 1893 o sentido dos saldo parece invertirse progresivamente tornándose favorable a Portugal ata os anos da Guerra Mundial. Esta foi a etapa de máis intensas relacións entre os dous países e nela Portugal gaña progresivamente posicións colocando cada vez máis produtos no mercado español.

5. CONCLUSIONS.

Entre 1850 e 1920 o comercio hispano-portugués medrou de xeito considerable, o crecemento non foi só importante en termos absolutos senón que foi superior ó do comercio exterior total de cada un dos dous países. Así pois, as relacións bilaterais intensifícanse progresivamente nun proceso que se acelera na última década do século pasado. Desa intensificación non resultan saldos moi desnivelados.

De forma paralela a esa intensificación do comercio, aumenta tamén o uso do territorio portugués como lugar de tránsito para o comercio español con terceiros países. Un tránsito que as fontes comerciais portuguesas contabilizan, de forma adecuada, separadamente da exportación e importación que responde a verdadeiros intercambios bilaterais, pero que non acontece o mesmo coas fontes estatísticas españolas e, polo tanto, cando se comparan os datos dos dous países isto debe terse presente para non chegar a conclusións erradas. Tendo en conta os distintos criterios de contabilización é posible coñecer con bastante fiabilidade a evolución do comercio bilateral e os seus saldos.

No tránsito que desde España sae por Portugal cara outros países merecen destacarse dúas etapas: a primeira entre 1870-1882/84, e a segunda entre 1897/99 e e 1920. Na primeira etapa o tránsito presenta un elevado grao de concentración tanto nos produtos implicados -fosfatos,

¹ CASTRO, A. *Estudos de história socioeconómica de Portugal*. Porto, Limiar, 1980.; PEREIRA, M. Halpern. *Op. cit.*

mercurio e chumbo- como no destino real destes productos, Gran Bretaña. Na segunda etapa, con valores absolutos algo menores e participación relativa moi inferior á primeira, destaca unha moito maior diversificación das saídas, cortiza, la, viño, froita, coiros e peles, peixe, fariña de trigo etc.

No que se refire ás entradas de productos extranxeiros polas aduanas limítrofes con Portugal merecen destacarse tamén dúas etapas: 1883/85-1895 e 1895-1920. O maior volume de entradas en tránsito rexístrase no primeiro dos períodos e trátase en realidade dun desvío de importacións españolas desde os portos do norte de España cara os de Lisboa e Porto. A composición das entradas presenta un elevado grao de diversificación sendo os productos máis destacados fío de algodón, material ferroviario, metais, tecidos, máquinas, madeira en obra, coiros etc. Na segunda etapa as entradas son máis moderadas e a súa composición mantense semellante á da primeira.

O saldo do comercio bilateral resulta ó longo de todo o período bastante equilibrado. Pero podemos diferenciar entre os anos anteriores a 1893 cando o saldo é favorable a España e os anos seguintes nos que a situación se invirte e se torna favorable a Portugal.

BIBLIOGRAFIA CITADA:

ALEGRIA, M. F. *O desenvolvimento da rede ferroviária e as relações com Espanha no século XIX*, Relatório nº 5, linha de acção nº 6, Centro de Estudos Geográficos, INIC, Lisboa, 1983, pp. 1-17. (policopiado).

ALEGRIA, M. F. *O caminho de ferro e a função de trânsito nas relações comerciais luso-espanholas na segunda metade do século XIX e início do século XX*. Relatório nº 5, linha de acção nº 6, Centro de Estudos Geográficos, INIC, Lisboa, 1983, pp. 18-56 (policopiado).

BAIROCH, P. "Geographical structure and Trade Balance of European Foreign Trade from 1800 to 1970" *The Journal of European Economic History*, vol. 3, nº 3, Winter 1974, pp. 557-608.

BAIROCH, P. *Commerce extérieur et développement économique de l'Europe au XIX^e siècle*. París, 1976.

BAIROCH, P. *Structure par produits des exportations du Tiers-Monde (1830-1937)*. Genève, 1985.

BAIROCH, P. "European Trade Policy, 1815-1914" en MATHIAS, P. e POLLARD, S. (eds.) *The Cambridge Economic History of Europe. Vol. 8. The industrial economies: the development of economic and social policies*. Cambridge, 1989, pp. 1-160.

BONIFACIO, F. *Seis estudos sobre o liberalismo português*. Lisboa, 1991.

British Parliamentary Papers. *Accounts and Papers*, Ano 1882, Vol. LXXI.

BRODER, A. "Les investissements étrangers en Espagne au XIX^e siècle: méthodologie et quantification" en *Revue d'Histoire Economique et Sociale*, nº 54, 1976, pp. 29-63.

CARNERO, T. *Expansión vinícola y atraso agrario. La viticultura española durante la gran depresión (1870-1900)*. Madrid, 1980.

CASTRO, A. *Estudos de história socioeconómica de Portugal*. Porto, 1980.

"Dictamen de la comisión nombrada por Real Orden de 9 de Enero de 1929, para el estudio de la implantación del patrón de oro" reproducido en *Información Comercial española*, nº 318, 1960, pp. 73-74.

ESPIDO BELLO, M.C. "As relações económicas hispano-portuguesas, 1850-1920". Tese de doutoramento inédita, 2 vols., Santiago, 1995.

FERNANDEZ CLEMENTE, E. "El sueño de una <<Zollverein>> algunas propuestas económicas del iberismo para Portugal y España en el S. XIX" mimeo.

FOREMAN-PECK, J. *Historia de la economía mundial. Las relaciones económicas internacionales desde 1850*. Barcelona, 1985.

GARCIA SANZ, A. "El comercio exterior de exportación en la economía española" en *Anales del Cunef*, 1980-81, pp. 111-149.

GWINNER, A. "La política comercial de España en los últimos decenios" reproducido en ESTAPE, F. *Textos olvidados*. Madrid, 1973, pp. 253-333.

HARVEY, CH. and TAYLOR, P. "Mineral wealth and economic development: foreign direct investment in Spain, 1851-1913" en *The Economic History Review*, nº 2, 1987, pp. 185-207.

JUSTINO, D. "Fontismo: o impossível livre-câmbio" en *Revista de Historia Económica e Social*, nº 23, 1988.

LAINS, P. "O proteccionismo em Portugal (1842-1913): um caso mal sucedido de industrialização concorrencial" en *Análise Social*, XIII, nº 97, 1987.

LAINS, P. "Foreign Trade and Economic Growth in the European Periphery: Portugal, 1851-1913". Tese de doutoramento apresentada no European University Institute, março, 1992.

LAINS, P. *A Economia Portuguesa no século XIX. Crescimento Económico e Comércio Externo, 1851-1913*. Lisboa, 1995.

LEWIS, W.A. *Crecimiento y fluctuaciones, 1870-1913*. México, 1983.

MADDISON, A. *Historia del desarrollo capitalista. Sus fuerzas dinámicas. Una visión comparada a largo plazo*. Barcelona, 1991.

MALUQUER DE MOTES, J. "Precios, salarios y beneficios. La distribución funcional de la renta" en CARRERAS, A. (Coord.) *Estadísticas Históricas de España. Siglos XIX y XX*. Madrid, 1989.

MARQUEZ Y PEREZ DE AGUIAR, M., *Estudios acerca de las relaciones mercantiles entre España y Portugal*. Cádiz, 1880.

Memorias comerciales redactadas por los cónsules de España en el extranjero y publicadas por la Junta de Aranceles y Valoraciones. 15 Vols.

MIRANDA, S. de. *Portugal o círculo vicioso da dependência*. Lisboa, 1991.

NADAL FARRERAS, J. *Comercio exterior y subdesarrollo. España y Gran Bretaña de 1772 a 1914: política económica y relaciones comerciales*. Madrid, 1978.

NADAL, J. "Industrialización y desindustrialización del sureste español, 1817-1913" en *Moneda y Crédito*, nº 120, 1972, pp. 3-80.

NADAL, J. *El fracaso de la revolución industrial en España, 1814-1913*. Barcelona, 1987.

NUÑEZ, C.E. *El comercio exterior y los problemas de desarrollo económico en Andalucía 1850-1880*. Granada, 1985.

PAN MONTOJO, J. *La bodega del mundo. La vid y el olivo en España (1800-1936)*, Madrid, 1995.

PEREIRA, M. Halpern *Livre-Câmbio e Desenvolvimento Económico. Portugal na segunda metade do Século XIX*. Lisboa, 1983.

PINHEIRO, M. "L'histoire d'un divorce: l'intégration des chemins de fer portugais dans le réseau ibérique" in *European networks (XIXth-XXth centuries). New approaches to the formation of a transnational system (air, land, and sea)*. EUI Colloquium paper. 1993. Doc 123/93 (Col. 20).

PINHEIRO, M. "Portugal e Espanha: Integração e ruptura. Os caminhos de ferro (1850-1890) en *Ler História*, nº 11, 1987. pp. 47-75.

PRADOS DE LA ESCOSURA, L. *Comercio exterior y crecimiento económico en España, 1826-1913: Tendencias a largo plazo*. Madrid, 1982.

PRADOS DE LA ESCOSURA, L. "El comercio hispano-británico en los siglos XVIII y XIX I. Reconstrucción" en *Revista de Historia Económica*, Vol. II, nº 2, 1984, pp. 113-162.

PRADOS DE LA ESCOSURA, L. *De Imperio a Nación. Crecimiento y atraso económico en España (1780-1930)*. Madrid, 1988.

PRADOS DE LA ESCOSURA, L. e ZAMAGNI, V. (Eds.) *El desarrollo económico en la Europa del sur: España e Italia en perspectiva histórica*. Madrid, 1992.

REIS, J. *O atraso económico português, 1850-1930*, Lisboa, 1993.

SARDA, J. *La política monetaria y las fluctuaciones de la Economía española en el siglo XIX*. Madrid, 1948.

SERRANO SANZ, J.M. *El viraje proteccionista en la Restauración. La política comercial española, 1875-1895*. Madrid, 1987.

SIDERI, S. *Comércio e Poder. Colonialismo informal nas relações anglo-portuguesas*. Lisboa, 1970.

TENA, A. "Una reconstrucción del comercio exterior español, 1914-1935: la rectificación de las estadísticas oficiales" en *Revista de Historia Económica*, Año III, nº 1, 1985, pp. 77-119.

TORTELLA CASARES, G. "La economía española, 1830-1900" en TUÑÓN DE LARA, M (Dir.) *Historia de España*. Vol. VIII. *Revolución burguesa oligarquía y constitucionalismo (1834-1922)*. Barcelona, 1981, pp. 9-167.

TORTELLA CASARES, G., MARTIN-ACEÑA, P. ; SANZ, J.; ZAPATA, S. "Las balanzas del comercio exterior español: un experimento histórico-estadístico, 1875-1913" en GARCIA DELGADO, J.L. e SEGURA, J. (eds.) *Ciencia social y análisis económico. Estudios en homenaje al profesor Valentín Andrés Álvarez*. Madrid, 1978, pp. 487-513.

WOODRUFF, W. "La aparición de una economía internacional, 1700-1914" en CIPOLLA, C. (Ed.) *Historia económica de Europa. El nacimiento de las sociedades industriales*. Vol. 4, segunda parte, Barcelona, 1982, capítulo 5.